



Estratexias de animación
á lectura

rodeira

The background is a vibrant orange gradient. It features faint, stylized illustrations of musical staves with notes and a large, open book. A red speech bubble is positioned on the right side, containing the text 'LER PARA SABER'.

**LER
PARA
SABER**

Estratexias de animación á lectura









LIBRO: MANEIRAS DE VIVIR

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

ESTRATEGIA								
1	X	X	X	X			X	X
2	X		X				X	X
3	X			X			X	X
4	X			X			X	X
5	X		X	X	X		X	X
6	X			X	X		X	X

LIBRO: MANEIRAS DE VIVIR

COMPETENCIAS BÁSICAS

ESTRATEGIA											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER
1	X	X	X	X		X			X	X	X
2	X	X	X	X			X	X	X	X	X
3	X	X	X	X	X			X	X	X	X
4	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X
5	X	X	X	X			X		X	X	X
6	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Desenvolver a expresión musical.
- * Coñecer aspectos culturais musicais.
- * Fomentar no alumnado as capacidades de busca e organización da información.
- * Participar na realización e organización das actividades propostas.



ORIENTACIÓNS

A maioría das actividades propostas están pensadas para traballar en grupos reducidos ou con todo o grupo clase. Por iso, consideramos importante que o profesor ou profesora intente promover un bo clima na aula onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polo alumnado.

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de afondamento en función dos intereses do grupo ou do profesor/a e están baseadas na **aprendizaxe cooperativa** e nas **rutinas de pensamento**.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos coma:

- ♥ A familia.
- ♥ O amor.
- ♥ A amizade.
- ♥ O perdón.
- ♥ As adiccións.
- ♥ As relacións a distancia.
- ♥ As segundas oportunidades.

ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**OBSERVANDO A MÚSICA**»

OBXECTIVOS

- * Realizar observacións polo miúdo das imaxes.
- * Pensar palabras e frases para realizar unha descrición utilizando un vocabulario de acordo co que estamos a traballar.
- * Interpretar o que vemos con orixinalidade.
- * Estimular a nosa curiosidade e creatividade.
- * Fomentar a cooperación, tolerancia e interdependencia positiva.

ACTIVIDADE

Nesta actividade realizaremos un traballo sobre a portada do libro. Para facelo, utilizaremos a rutina de pensamento **Dez veces dez**. Esta rutina favorece a expresión e a observación, polo que obriga o alumnado a empregar un vocabulario máis amplo e concreto.

* **Traballo individual:**

Comezaremos por lle pedir ao alumnado que observe de maneira individual durante 30 segundos a portada do libro. Despois escribirán unha listaxe de 10 palabras sobre o que viron na imaxe, sobre o que lles suxire etc.

* **Traballo cooperativo:**

Formaranse equipos de 4-5 alumnos/as e farase unha posta en común sobre as palabras recollidas por cada un dos compañeiros e compañeiras do equipo.

Posteriormente, en equipo, engadiremos 10 palabras novas. Non se poden repetir.

* **Presentación:**

Elixirase ao chou un alumno/a por equipo que lle presentará ao resto da clase as últimas 10 palabras engadidas.

ORIENTACIÓN

O profesor ou profesora pode proxectar a imaxe da portada ou pode pedirles aos alumnos que observen os seus propios libros de lectura.

Tamén lle podemos facilitar ao alumnado unha folla modelo para elaborar a listaxe de dez palabras.

ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**LUIS LEANTE**»

OBXECTIVOS

- * Coñecer o autor do libro.
- * Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información, medios audiovisuais, Internet e outros recursos gráficos.
- * Potenciar o gusto pola estética.
- * Motivar o alumnado na lectura do libro.
- * Potenciar o traballo en grupo.

ACTIVIDADE

Nesta actividade organizarase o grupo clase en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos/as, de forma que lles será máis sinxelo organizar e establecer pautas de traballo.

Pedirase que cada grupo elabore un mural esquemático (en tamaño DIN A3) sobre o autor do libro, Luis Leante. Cada grupo tratará un aspecto do autor de maneira que ao rematar todo o traballo dos diferentes grupos teremos un amplo coñecemento do autor.

Para isto deberán elixir un destes aspectos: datos persoais e de interese, obras premiadas, estilos literarios, axencias e/ou editoriais para as que escribe e outros.

Recoméndase que busquen información en Internet, no seu blog, na páxina web de Edebé etc.

Os murais deben ser moi visuais e coa información esquematizada ao máximo. Deberán incluír fotografías, imaxes, artigos, citas etc. Canto máis atraente sexa, mellor.

Despois de elaborar os traballos en grupo, realizarase unha exposición oral sobre o tema que se traballou; a presentación non excederá os 10 minutos de duración.

ORIENTACIÓNS

Pódese pedir a colaboración do especialista en tecnoloxía do centro para que durante a súa materia busque a información necesaria para elaborar os distintos traballos.

ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**MANEIRAS DE VIVIR**»

OBXECTIVOS

- * Desenvolver a capacidade de análise de obras musicais.
- * Valorar a obra musical como fonte de saber cultural e artística.
- * Elaborar xuízos e criterios persoais.
- * Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes.
- * Respetar as opinións dos demais.

ACTIVIDADE

Presentarase a letra da canción e lerase na clase.

No pienses que estoy muy triste
Si no me ves sonreír
Es simplemente despiste
Maneras de vivir.

Me sorprendo del bullicio
Y ya no sé qué decir
Cambio las cosas de sitio
Maneras de vivir.

Voy cruzando el calendario
Con igual velocidad
Subrayando en mi diario
Muchas páginas.
Te busco y estás ausente
Te quiero y no es para ti

A lo mejor no es decente
Maneras de vivir.

Voy aprendiendo el oficio
Olvidando el porvenir
Me quejo solo de vicio
Maneras de vivir.

No sé si estoy en lo cierto
Lo cierto es que estoy aquí
Otros por menos se han muerto
Maneras de vivir.

Descuélgate del estante
Y si te quieres venir
Tengo una plaza vacante
Maneras de vivir

O profesor ou profesora creará un debate con todo o grupo clase sobre o significado da canción a nivel global.

Tamén se pode analizar o significado de cada unha das estrofas.

O alumnado dará a súa opinión sobre o que entenden ou sobre o que lles suxire a letra da canción.

ORIENTACIÓNS

Ao finalizar a actividade, o profesorado pode propoñer unha pregunta que creará outro debate: cres que a letra da canción ten relación co contido da novela?

ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**SAMARKANDA**»

OBXECTIVOS

- * Coñecer os membros que constitúen un grupo de rock.
- * Coñecer que instrumentos e músicos son esenciais para formar un grupo de rock.
- * Relacionar o grupo de rock da lectura co grupo orixinal.
- * Traballar en grupo respectando as achegas de todos e todas.

ACTIVIDADE

Dividirase a clase en grupos de 4-5 alumnos/as; o obxectivo da actividade é buscar información sobre os constituíntes do grupo de rock da canción «Maneiras de vivir» e posteriormente relacionalos cos personaxes que se nomean na novela.

O alumnado deberá buscar esta información:

- Nome do grupo
- Nome dos constituíntes
- Instrumentos de cada constituínte
- Ano de creación do grupo
- Estilo musical
- Canción emblemática

Cada grupo deberá organizarse para conseguir a información necesaria e cada membro do grupo será responsable de cumprir coa súa responsabilidade.

ORIENTACIÓNS

Esta actividade pódese realizar na clase de música.

ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «**PREPARAMOS O CONCERTO**»

OBXECTIVOS

- * Usar e coñecer o valor dos medios audiovisuais para a difusión da música.
- * Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- * Realizar creacións artísticas.
- * Utilizar as TIC.
- * Ser capaz de crear un cartel coa información e a estrutura axeitadas.

ACTIVIDADE

Esta actividade está relacionada coa actividade 6.

Motivarase o alumnado explicándolles que van formar un grupo de rock que dará un concerto ao resto da clase. Para isto faremos grupos de 4.

O obxectivo é facer un concerto, polo que o primeiro que deberemos facer será anunciálo nun cartel.

A actividade consistirá na realización dun cartel nunha folla DIN A3. A información que debe conter o cartel do concerto é:

- Imaxe
- Nome do evento e do grupo
- Quen o organiza
- Breve descrición do evento ou slogan
- Data e hora do evento
- Lugar do evento
- Se se considera necesario, onde se pode atopar máis información, ligazóns á web ou ás redes sociais.

Posteriormente colgaranse todos os carteis na clase.

ORIENTACIÓNS

O profesor/a pode recomendar páxinas e webs para crear carteis publicitarios. Tamén pode ser unha actividade compartida coa área de plástica.

ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: «**IMOS DE CONCERTO!**»

OBXECTIVOS

- * Participar en actividades musicais respectando as normas que rexen a interpretación musical.
- * Participar, como membro dun grupo, en celebracións escolares.
- * Gozar coa audición de obras musicais.
- * Interpretar personaxes coñecidos.
- * Respetar as interpretacións alleas.

ACTIVIDADE

Motivarase o alumnado explicándolles que van formar un grupo de rock que dará un concerto para o resto da clase. Para iso faremos grupos de 4.

Despois da actividade 5 e ao que se anuncie o concerto, o alumnado amañarase para facer un concerto co seu grupo musical.

Na actividade 3 traballouse coa letra da canción «Maneiras de vivir», polo que todos os grupos deberán interpretar esta canción.

Primeiro deberán repartir os personaxes, cada alumno ou alumna representará un membro da banda musical.

Despois buscarán o concerto en YouTube e estudarán os movementos do seu personaxe, o seu vestiario, como toca o seu instrumento, a posición no escenario etc.

O concerto pode ser en son pregravado (deberán aprender a letra para vocalizar de forma correcta) ou en directo. Cada grupo pode elixir.

ORIENTACIÓNS

O profesor ou profesora concretará o día dos concertos e preparará a clase como un escenario. Tamén se responsabilizará de ter a música preparada.

O profesor ou profesora tamén debe organizar o tempo da actividade para que se poida ensaiar.